

## **CIRCULAR 113/2017**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

### **XIII CAMPIONATO DE GALICIA CADETE-sub16 E XLVI HOMES E XXXVIII MULLERES XUVENIL-sub18 DE CAMPO A TRAVES INDIVIDUAL E POR CLUBES**

A Rúa, 28 de xaneiro do 2018

**Art.1).**- A Delegación da F.G.A. en O Barco organizará o **Campionato de Galicia cadete-sub16 e xuvenil-sub18 individual e por clubs de campo a través** o domingo 28 de Xaneiro do 2018 en A Rúa.

**Art.2).**- O Campionato disputarase na categoría *cadete-sub16* (anos 2003-2004) e *xuvenil-sub18* (anos 2001-2002) (homes e mulleres).

**Art.3).**- Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en algunha das seguintes condicións:

3.1.- Atletas que ficharan durante a tempada actual (2017/2018) por algún Club pertencente a Comunidade Galega.

3.2.- Atletas con ficha pola F.G.A. inda que pertenzan a Clubs de outras Comunidades Autónomas.

3.3.- Atletas nacionais ou estranxeiros convidados expresamente pola F.G.A. que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Art.4).**- Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías. Para a clasificación por equipos terase en conta os seis primeiros atletas do mesmo equipo, que cheguen á meta e sumaranse os postos dos catro primeiros. Excluiranse aqueles clubs que no presenten 4 atletas en meta. Cada club terá dereito a formar un só equipo por cada categoría e sexo.

\* Para a clasificación terase en conta a normativa da RFEA en relación ós atletas estranxeiros e os clubs asociados, aínda que non se limitará o número de atletas na saída

**Art.5).**- Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras.

<b>CAMPIONATO DE GALICIA DE CAMPO A TRAVES CADETE-sub16 E XUVENIL-sub18</b>			
<b>HORA</b>	<b>CATEGORIA</b>	<b>SEXO</b>	<b>DISTANCIA</b>
11:55	CADETE-sub16	Mulleres	2.500 m. aprox.
12:15	CADETE-sub16	Homes	3.500 m aprox
12:40	XUVENIL-sub18	Mulleres	4.000 m. aprox.
13:05	XUVENIL-sub18	Homes	5.000 m. aprox

**Art.6).**- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da R.F.E.A. (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>), como data límite o 23 de Xaneiro ás 20:00 horas.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683

Correo: secretaria@atletismo.gal

Páxina Web: <http://www.atletismo.gal> e <http://www.carreirasgalegas.com>



**Art.7).**- Os Delegados oficiais dos Clubs ou os propios atletas nos casos de inscricións individuais, poderán retirar os seus dorsais, ata 45 minutos antes da saída de cada proba na secretaría de competición. Pasado este período poderá non ser admitida a participación do atleta.

**Art.8).**- A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

**Art.9).**- Todos os atletas deberán pasar por cámara de chamadas, apertura 25 minutos antes e peche 15 minutos antes, da saída de cada proba (o horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función dos atletas inscritos). Os atletas saíran a zona de saída ca roupa de competición

**Art.10).**- Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas clasificados a nivel individual así coma trofeos os tres primeiros equipos. Sendo de obrigado cumprimento acudir ó protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega das medallas.

**Art.11).**- Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible por diante en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal. A organización non facilitará imperdibles.

**Art.12).**- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á F.G.A. (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

**Art.13).**- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, da acordo coas normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Dolores Rojas Suárez  
Secretaria Xeral da FGA

A Coruña, a 29 de decembro de 2017

## **CIRCULAR 114/2017**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

### **XI CAMPIONATO DE GALICIA DE CROSS CORTO POR CLUBS**

A Rúa, 28 de Xaneiro do 2018

**Art. 1).**- A Delegación da F.G.A. en O Barco organizará o **XI Campionato de Galicia de cross corto por clubs** o domingo 28 de Xaneiro do 2018 en A Rúa .

**Art. 2).**- Poderán participar atletas das categorías **promesa-sub23** (nados en 1996, 1997 e 1998), **senior** (nados en 1995 e anteriores ata veteran) e **másters** (dende o día que cumpren 35 anos).

**Art. 3).**- Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en algunha das seguintes condicións:

3.1.- Atletas que ficharan durante a tempada actual (2017/18) por algún Club pertencente a Comunidade Galega.

3.2.- Atletas con ficha pola F.G.A. aínda que pertenzan a Clubs de outras Comunidades Autónomas.

3.3.- Atletas nacionais ou estranxeiros convidados expresamente pola F.G.A. que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

3.4.- Admitirase a participación a título individual sempre e cando o atleta se inscriba en prazo e forma.

**Art.4).**- Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías. Para a clasificación por equipos terase en conta os seis primeiros atletas do mesmo equipo, que cheguen á meta e sumaranse os postos dos catro primeiros. Excluiranse aqueles clubs que no presenten 4 atletas en meta. Cada club terá dereito a formar un só equipo por cada categoría e sexo.

\* Para a clasificación terase en conta a normativa da RFEA en relación ós atletas estranxeiros e os clubs asociados, aínda que non se limitará o número de atletas na saída

**Art.5).**- Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras:

<b>CAMPIONATO DE GALICIA DE CROSS POR EQUIPOS</b>			
<b>HORA</b>	<b>CATEGORIA</b>	<b>SEXO</b>	<b>DISTANCIA</b>
13:30	Senior-Promesa-sub23	Mulleres	4.000 m. aprox.
13:50	Senior-Promesa-sub23	Homes	4.000 m. aprox.

(\*) *Os/as atletas masters poderán participar como atletas da categoría senior e formar equipo, a tódolos efectos.*

**Art.6).**- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da R.F.E.A. (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>), como data límite o martes 23 de Xaneiro ás 20:00 horas.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -  
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>  
- 15008 - A CORUÑA



**Art.7).**- Os Delegados oficiais dos Clubs, poderán confirmar a composición dos seus equipos, ata 45 minutos antes da saída de cada proba. Rematado este período non se admitirá a participación do atleta.

**Art.8).**- A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

**Art.9).**- Todos os atletas deberán pasar por cámara de chamadas, apertura 25 minutos antes e peche 15 minutos antes, da saída de cada proba (o horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función dos atletas inscritos). Os atletas saíran a zona de saída ca roupa de competición.

**Art.10).**- Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible por diante en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.11).**- Entregaranse trofeos ós tres primeiros equipos clasificados tanto en homes como en mulleres.

**Art.12).**- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á F.G.A. ([direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

**Art.13).**- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo cas normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Dolores Rojas Suárez  
Secretaria Xeral da FGA

A Coruña, a 29 de decembro de 2017

## **CIRCULAR 115/2017**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

### **XXII MEMORIAL ALEJANDRO LORENZO.-CAMPEONATO DE GALICIA DE CATEGORIAS MENORES**

A Rúa, 28 de Xaneiro do 2018

**Art.1).**- A Delegación da F.G.A. en O Barco organizará o **XXII Memorial Alejandro Lorenzo.-Campeonato de Galicia de Menores de Campo a Través** o domingo 28 de Xaneiro do 2018 en A Rúa.

**Art.2).**- O Memorial está destinado ás seguintes categorías: benxamín (2009-2010), alevín (2007-2008) e infantil/Sub14 (2005-2006) (homes e mulleres).

**Art.3).**- Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en calquera das seguintes condicións:

3.1.- Atletas que ficharan durante a tempada actual (2017/18) por algún Club pertencente a Comunidade Galega.

3.2.- Atletas con ficha pola F.G.A. aínda que pertenzan a Clubs de outras Comunidades Autónomas.

\*Lembramos que para inscribir aos atletas de categorías inferiores en probas federadas, alleas ao programa Xogade, deben ter en vigor a licenza federada (aquelas que comezan con AG-...) e non a licenza escolar.

**Art.4).**- Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías. Para a clasificación por equipos terase en conta os seis primeiros atletas do mesmo equipo, que cheguen á meta e sumaranse os postos dos catro primeiros. Excluiranse aqueles clubs que no presenten 4 atletas en meta. Cada club terá dereito a formar un só equipo por cada categoría e sexo.

\* Para a clasificación terase en conta a normativa da RFEA en relación ós atletas estranxeiros e os clubs asociados, aínda que non se limitará o número de atletas na saída

**Art.5).**- Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras.

<b>MEMORIAL ALEJANDRO LORENZO DE MENORES</b>			
<b>HORA</b>	<b>CATEGORIA</b>	<b>SEXO</b>	<b>DISTANCIA</b>
10:30	BENXAMIN	Mulleres	800 m. aprox.
10:35	BENXAMIN	Homes	800 m. aprox.
10:40	ALEVIN	Mulleres	1.500 m. aprox.
10:55	ALEVIN	Homes	2.000 m. aprox.
11:15	INFANTIL	Mulleres	2.000 m. aprox
11:35	INFANTIL	Homes	2.500 m. aprox

**Art.6).**- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da R.F.E.A. (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 23 de Xaneiro do 2018.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -  
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>  
- 15008 - A CORUÑA



**Art.7).**- Os Delegados oficiais dos Clubs ou os propios atletas nos casos de inscricións individuais, poderán retirar os seus dorsais, ata 45 minutos antes da saída de cada proba na secretaría de competición. Pasado este período poderá non ser admitida a participación do atleta.

**Art.8).**- A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

**Art.9).**- Todos os atletas deberán pasar por cámara de chamadas, apertura 25 minutos antes e peche 15 minutos antes, da saída de cada proba (o horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función dos atletas inscritos). Os atletas saíran a zona de saída ca roupa de competición.

**Art.10).**- Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible por diante en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.11).**- Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas clasificados a nivel individual así coma trofeos aos tres primeiros equipos.

**Art.12).**- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á F.G.A. (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

**Art.13).**- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, da acordo coas normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Dolores Rojas Suárez  
Secretaria Xeral da FGA

A Coruña, a 29 de decembro de 2017